

PLAN DE ACTIVIDADES 2017

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E
SOLIDARIEDADE

20 ANOS A FONDO COA
SOLIDARIEDADE



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. PLAN FORTALECIMENTO
3. PLAN SENSIBILIZACIÓN
4. PLAN ÁREA PROXECTOS
5. PLAN COMUNICACIÓN
6. ORZAMENTO

1. INTRODUCCIÓN

No Plan de actividades 2017 quedan reflectidas as actividades que se impulsarán desde o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para o presente ano.

Cabe destacar que no 2017 o Fondo Galego cumpre 20 anos de traxectoria, polo que algunhas das actividades están centradas neste acontecemento.

Esta planificación introduce cambios, principalmente nas áreas de sensibilización e cooperación ao desenvolvemento, respondendo claramente aos obxectivos marcados nas Liñas Estratégicas 2016-2019, e que foron transmitidos polos nosos socios ou son froito da experiencia da organización.

Nas actividades descritas, a innovación e a orixinalidade son dúas das nosas premisas para procurar unha maior participación e apropiación por parte dos nosos socios coas actividades e proxectos que impulsamos. Así mesmo, amósase a preocupación por acadar unha maior eficacia, eficiencia e impacto que redunden nun crecemento cuantitativo e cualitativo da organización.

O plan de actividades 2017 é, pois, froito dun novo ciclo, que, se ben segue a liña de continuidade co período anterior, presenta importantes retos en aras de procurar unha maior eficacia, eficiencia e impacto e sempre buscando a implicación das entidades socias na loita pola defensa dos dereitos humanos.

2. PLAN FORTALECIMENTO 2017

1. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

Obxectivo 1: Incrementar a base asociativa e mellorar a súa participación activa

Actividade 1.1: Campaña de captación de socios “20 anos+20”

Actividade 1.2: Contacontos solidarios para novos socios

Obxectivo 2: Fortalecemento da estrutura do Fondo Galego

Actividade 2.1: Levar a cabo as xuntanzas da Rede municipalista solidaria de xeito máis participativo e procurando unha maior asistencia de socios.

Actividade 2.2: Estimular a participación na Asemblea Xeral de Socios

Actividade 2.3: Formación en cooperación e políticas públicas locais

Obxectivo 3: Mellorar o estatus institucional e recoñecemento

Actividade 3.1: Conmemoración do 20 aniversario do Fondo Galego

Obxectivo 4: Impulsar a participación do Fondo Galego en redes estatais e internacionais

Actividade 4.1: Priorizar a participación da Confederación de Fondos

Actividade 4.2: Participación na Alianza europea de redes locais para a cooperación internacional

Obxectivo 5: Visibilizar o rigor e transparencia na xestión

Actividade 5.1: Visibilización na páxina web das contas do Fondo Galego

Actividade 5.2: Auditoría Contable

2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

OBXECTIVO 1: Incrementar a base asociativa e mellorar a súa participación activa

- **ACTIVIDADE 1.1: Campaña de captación de socios “20 anos + 20”**

No 2017, con motivo do 20 aniversario do Fondo Galego, lanzarase unha campaña de captación dirixida a concellos e ás 2 deputacións que aínda non son socios do Fondo Galego. O obxectivo será o de acadar 20 novos socios.

A campaña componse de varias accións:

- Xuntanzas de presentación do Fondo Galego perante os partidos políticos
- Presentación do Fondo Galego no Parlamento de Galicia
- Participación en xuntanzas comarcais para presentar ao Fondo Galego
- Presentación do Fondo Galego na Asemblea de Socios da FEGAMP
- Participación noutros espazos de encontro das entidades locais

- Elaboración de cartel no que aparezan as alcaldesas e alcaldes de todos os concellos socios convidando a participar no Fondo Galego

Orzamento: 1.200€

- Desprazamentos: 600€
- Materiais para a difusión (cartelería, folletos): 600€
- Elaboración de vídeos para difundir nas redes sociais promovendo a participación no Fondo: 0€

- **ACTIVIDADE 1.2: Contacontos solidarios para novos socios**

Para dar a benvinda e animar a participar aos 10 primeiros socios acadados no 2017, ofreceráselles unha actuación da compañía A Tropa de Trapo. A Tropa de Trapo, agrupación conformada desde 2006 por Marta Ortiz e Brais das Hortas, ten por obxectivo fomentar a recreación e a educación en valores como a liberdade, a solidariedade, o respecto e a igualdade, a través de espectáculos baseados na recolección de contos, levándoos a escena con música en directo, humor e narración áxil.

Orzamento: 4.300€

- Contratación da compañía Tropa de Trapo para 10 actuacións: 3.500€
- Desprazamentos ás entidades acolledoras da actividade: 800€

OBXECTIVO 2: Fortalecemento da estrutura do Fondo Galego

- **ACTIVIDADE 2.1: Levar a cabo as xuntanzas da Rede municipalista solidaria de xeito máis participativo e procurando unha maior asistencia de socios.**

A Rede Municipalista Solidaria está conformada polas representantes técnicas e políticas dos nosos concellos e deputacións socias do Fondo Galego. Constitúe a ligazón entre a Secretaría técnica do Fondo Galego e os nosos socios. As xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria tórnanse indispensables para o bo funcionamento e consolidación da política mancomunada de cooperación ao desenvolvemento entre os concellos e deputacións socias do Fondo Galego.

Durante o 2017 realizaranse 6 Redes Municipalistas Solidarias no primeiro e segundo semestre do ano. Haberá unha única convocatoria en cada caso, con indicación dos 6 lugares de reunión, para que o persoal técnico e político das entidades socias poida acudir ao lugar que prefira.

Para promover a asistencia de representantes políticas/os e/ou técnicas/os nas reunións das RMS contarase, nas xuntanzas do segundo semestre, coa asistencia dunha persoa representante de ONGD coa que apoiamos un proxecto de cooperación ao desenvolvemento a través da convocatoria de proxectos 2017. É importante que nestas reunións socialicemos coas persoas asistentes as boas prácticas para a organización das actividades de sensibilización. Así

mesmo, semella recomendable continuar convidando aos concellos non socios a participar nas mesmas.

Mais, para mellorar posibles desviacións na xestión de actividades, realizarase unha enquisa online a toda a Rede Municipalista Solidaria a finais de ano. Tratarase de empregar unha aplicación que garanta o anonimato, para facilitar as respostas con maior liberdade.

Orzamento: 750€

- Desprazamentos de persoas que dinamizarán a reunión: 150€
- Desprazamento de integrantes da Secretaría técnica: 400€
- Aplicación cuestionario: 50€
- Roller: 150€

- **ACTIVIDADE 2.2: Estimular a participación na Asemblea Xeral de Socios**

A Asemblea Xeral de Socios terá lugar previsiblemente no mes de marzo de 2017. Tratarase de que a Asemblea de Socios sexa máis participativa por parte dos nosos socios, creando dinámicas e ideando ferramentas por parte da Secretaría Técnica. Proponse, para a Asemblea Ordinaria, a socialización da experiencia da visita de concelleiras galegas á Rede Mozambicana de Mulleres Autarcas.

Así mesmo, na Asemblea do segundo semestre do ano contaremos coa participación dunha persoa representante de ACNUR que dea conta das accións levadas a cabo nos asentamentos de persoas refuxiadas en Europa coa achega do Fondo Galego.

Orzamento: 500€

- Billete de avión ida e volta Madrid-Galicia: 350€
- Aloxamento e estancia en Galicia: 150€

- **ACTIVIDADE 2.3: Formación en cooperación e políticas públicas locais**

Neste 2017 terá lugar unha formación destinada ás/aos representantes políticas/os e técnicas/os do Fondo Galego, así coma ao resto de Concellos e Deputacións galegas non integradas na nosa asociación, sobre a elaboración de políticas públicas locais en materia de cooperación ao desenvolvemento. Tería lugar na EGAP no primeiro semestre do ano. Trataríase de que as poñentes fosen persoas recoñecidas a nivel estatal ou incluso internacional, para ter maior impacto mediático e social, así como para garantir unha formación de calidade, como por exemplo: Jean-Pierre Malé, Olga del Río ou Giorgio Mosangini, do Observatorio de Cooperación Descentralizada UE- América Latina, Carlos Teijo, David Llistar, Irati Labaien (Hegoa), etc.

Orzamento: 4.750€

- Viaxe, aloxamento e manutención de poñentes foráneas: 1.500€
- Honorarios: 1.500€
- Cartelería, programa, bolígrafos, cadernos, plotter, etc: 1.500€
- Café de comercio xusto: 250€

OBXECTIVO 3: Mellorar o estatus institucional e recoñecemento

- **ACTIVIDADE 3.1: Conmemoración do 20 aniversario do Fondo Galego**

O Fondo Galego cumpre 20 anos de vida a finais do 2017, polo que cómpre celebrar e conmemorar os logros e coñecemento adquirido ao longo deste tempo. Así, no mes decembro levarase a cabo un acto conmemorativo de tipo lúdico no que se poñan de manifesto algunhas das actividades máis destacadas de entre todas as impulsadas polo Fondo Galego.

O acto conmemorativo intercalará actuacións da Tropa de Trapo, Batuko Tabanka, lectura de relatos e recitais de poemas incluídos na obra 'Palabras con Fondo' (polas propias autoras e autores), visualización de vídeos do Fondo Galego, proxección de fotografías que narren a historia do Fondo Galego, etc. Así mesmo, gravaranse palabras de apoio de políticas e políticos galegos que tamén serán proxectados durante o acto.

Estarían convidadas non só persoas representantes políticas e técnicas dos concellos e deputacións socias, senón tamén dos que non o son, así coma o resto de actores da cooperación galega e a Dirección xeral de Relacións exteriores e coa UE.

Ao remate do acto, organizarase un xantar de convivencia para todas as persoas que queiran acudir (non financiado polo Fondo Galego).

Orzamento: 2.450€

- Desprazamentos do persoal da Secretaría técnica: 100€
- Desprazamentos das persoas que colaboran co acto: 300€
- Deseño e impresión carteis, plotter, convites, programa, banners: 500€
- Actuación da Tropa de Trapo: 350€
- Actuación de Batuko Tabanka: 600€
- Actuación Pallasos en Rebeldía: 850€
- Elaboración de vídeos sobre o traballo do Fondo Galego: 0€

OBXECTIVO 4: Impulsar a participación do Fondo Galego en redes estatais e internacionais

- **ACTIVIDADE 4.1: Priorizar a participación da Confederación de Fondos**

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ocupou unha Vogalía da Confederación de Fondos na pasada lexislatura, con altos e baixos na actividade de dita organización. Problemas internos dalgún Fondos de cooperación cun peso importante dentro da Confederación orixinaron o relego da actividade coordinada dos Fondos a un plano secundario. Na

actualidade, a Confederación de Fondos atópase nunha etapa de letargo, tras o intento de revitalizalo ao longo do 2016. O Fondo Galego debe adoptar un papel activo e conciliador dentro da Confederación, tratando de recuperar a capacidade de iniciativa e discurso. A unión e traballo conxunto dos Fondos resulta crucial para a defensa da cooperación municipalista e para emprender novas actividades conxuntas e intercambiar experiencias.

Orzamento: 2.000€

- Cota 2017: 1.000€
- Viaxes, aloxamento, manutención: 1.000€

- **ACTIVIDADE 4.2: Participación na Alianza europea de redes locais para a cooperación internacional**

O 3 de novembro de 2016 era asinado en Lisboa un acordo de intencións entre o FAMSÍ, FELCODE, FELCOS Umbría, FPMCI, RICD, RETECO, LBSNN e o Fondo Galego, fronte á vontade e determinación de constituír esta Alianza co obxectivo de desenvolver estratexias comúns de promoción e implementación dos novos ODS no marco da nova axenda 2030. A Alianza atópase en proceso de creación, sendo o Fondo Galego un dos socios fundacionais. Ao longo do 2017 concretarase formalmente esta rede. O Fondo traballará e participará para conseguilo.

Orzamento: 500€

- Xuntanzas de coordinación: 500€

OBXECTIVO 5: Visibilizar o rigor e transparencia na xestión

- **ACTIVIDADE 5.1: Visibilización na páxina web das contas do Fondo Galego**

Cómpre multiplicar as iniciativas de transparencia que permitan dar conta do uso e aplicación dos recursos destinados ao financiamento de accións de cooperación ao desenvolvemento. Os datos económicos estarán accesibles e actualizados na páxina web do Fondo Galego, ademais de ser socializados coa rede de socios nas respectivas Asembleas xerais e nas memorias de actividades anuais.

Orzamento: 0€

- **ACTIVIDADE 5.2: Auditoría Contable.**

As contas da asociación no período 2011-2015 serán revisadas, así coma o pasado ano 2016 coa idea de someternos a Auditoría no ano 2019, no fin do mandato.

Orzamento: 1.800€

3. PLAN SENSIBILIZACIÓN 2017

1. OBXECTIVO E ACTIVIDADES

Obxectivo 6: Sensibilizar nos temas de solidariedade e dereitos humanos a un maior número de persoas en Galicia

- Actividade 6.1: Exposicións con actividades que faciliten a súa comprensión
- Actividade 6.2: Elaboración dunha exposición sobre os Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable (ODS)
- Actividade 6.3: Contacontos solidarios
- Actividade 6.4: Viaxe a Mozambique do gañador do concurso fotográfico 'Imaxes con Fondo', para facer unha reportaxe
- Actividade 6.5: Exposición fotográfica sobre Mozambique
- Actividade 6.6: Espectáculo de *clown* sobre as fronteiras e as refuxiadas

Obxectivo 7: Incrementar o coñecemento e maior implicación dos nosos socios na área de cooperación ao desenvolvemento

- Actividade 7.1: Vacacións con Traballo
- Actividade 7.2: Vacacións con Traballo en Galicia

2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

OBXECTIVO 6: Sensibilizar nos temas de solidariedade e dereitos humanos a un maior número de persoas en Galicia

- **ACTIVIDADE 6.1: Exposicións con actividades que faciliten a súa comprensión**

Durante o 2017 centraranse os esforzos en mobilizar as exposicións: '20 anos a Fondo coa Solidariedade', 'Galicia-Cabo Verde: Unha irmandade' e 'Nicaragua, o futuro'.

<http://www.fondogalego.org/web/exposicions>.

As dúas últimas serán combinadas con outras actividades directamente relacionadas que as fagan máis comprensibles e atractivas ao público.

- 'Galicia-Cabo Verde: Unha irmandade' con actuación de Batuko Tabanka: A exposición sobre Cabo Verde será acompañada dunha actuación musical do grupo de mulleres burelenses-caboverdianas Batuko Tabanka. Ofertaranse un total de 10 actuacións a 10 socios diferentes. As actuacións terán a duración estimada polo propio grupo musical, e contarán cunha breve explicación da vinculación Galicia- Cabo Verde ao inicio das mesmas. Ademais de promover a interculturalidade darase a coñecer unha realidade da comunidade galega e en concreto dun dos nosos concellos, o de Burela, que acolle a un gran número de persoas caboverdianas. Así mesmo, procederase á substitución das caixas nas que se transporta a exposición, para garantir o seu coidado e duración.

-'Nicaragua, o futuro' con visualización do documental 'Dreaming Nicaragua': A carga sensibilizadora da exposición poderá ser máis efectiva se lle engadimos como actividade complementaria a emisión do documental 'Dreaming Nicaragua' elaborado pola Fundación Fabretto. O documental está dispoñible no VideoFondo, a disposición das deputacións e concellos socios. O Fondo Galego asume os custos da SGAE e a empresa distribuidora para un total de 10 proxeccións.

-'20 anos a Fondo coa Solidariedade': Esta exposición foi elaborada entre os último meses do ano 2016 e principios de 2017. Quedou pendente para este ano o pago do deseño dos paneis, así coma o deseño do cartel para difundir a actividade. Por outra banda, dada a novidade que supón a exposición ao ser a primeira que o Fondo elabora para exteriores, inclúense unha partida de imprevistos para a montaxe e traslado desta exposición.

Orzamento: 12.820,90€

- Actuación do grupo musical Batuko Tabanka: 6.000€
- Desprazamentos do grupo musical Batuko Tabanka: 3.000€
- Elaboración caixas embalaxe transporte: 200€
- Proxeccións 'Dreaming Nicaragua' (produtora+SGAE): 850,90€
- Deseño carteis: 80€
- Deseño e elaboración de roller para Batuko Tabanka: 150€
- Imprevistos para montaxe e traslado exposición 20 anos: 1.000€
- Deseño exposición 20 anos: 1.500€
- Deseño cartel expo 20 anos: 40€

- **ACTIVIDADE 6.2: Elaboración dunha exposición sobre os Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable (ODS)**

Empregando o humor e a retransca que nos caracteriza, a exposición tratará de reflectir os 17 Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable. Unha vez máis, o Fondo Galego aposta por actividades que vinculen a sensibilización co mundo da arte e da cultura, implicando tamén a este sector poboacional. Así, solicitarase a colaboración de debuxantes de cómic galegas/os para que elaboren unha viñeta ou tira sobre un dos 17 ODS. Así mesmo, a voz dos nosos parceiros do Sur tamén estará presente coas obras de debuxantes mozambicanas/os e caboverdianas/os, ás que se lles incluírá no proxecto baixo as mesmas condicións que ás debuxantes galegas. Coas achegas de cada debuxante elaborárase a exposición, que verá a luz a finais do 2017 e que xa no 2018 dará inicio á ruta polos diferentes concellos socios do Fondo Galego.

Antes da elaboración dos traballos, a Secretaría técnica fará tarefas de asesoramento e información para que as obras realizadas sexan acaídas, incidindo nalgún xeito na formación neste eido das e dos debuxantes que van participar na mostra.

Tendo en conta que o cómic en un xénero especialmente hostil para as mulleres, non só pola perpetuación dos roles de xénero senón tamén pola invisibilización das autoras, solicitarase a colaboración dun número paritario de mulleres e homes e incidirase no respecto aos dereitos das mulleres previo á elaboración das viñetas. A mostra final deberá contar un número paritario de obras realizadas por mulleres e por homes.

Algúns dos nomes que poderían estar incluídos na mostra serían os seguintes: Xosé Lois (O Carrabouxo), Davila, Gogue, Emma Ríos, David Rubín, Mar Abad, Álex Cal, Montse Martín, Miguelanxo Prado, Marina Seoane, Kiko da Silva, Vanessa Durán, Macus Romero, Dani Montero, "Perrilla" Talía García, Brais Rodríguez, Nuria Díaz Berride, Dani Xove, Laura Blanco e Irene Sanjuán.

Orzamento: 2.540€

- Deseño: 500€
- Impresión: 1.500€
- Deseño cartel: 40€
- Folletos (deseño e impresión): 500€

- **ACTIVIDADE 6.3: Contacontos solidarios**

Continúase a aposta pola Tropa de Trapo coa xira 'Ti tamén contas', un híbrido entre contos e obradoiro, para alumnado de 2º ou 3º ciclo de primaria. A actuación ten como obxectivo chegar con calidade a un número moi amplo de persoas, para incitalas a debate, partir das súas opinións e acompañalas no proceso de sensibilización, empregando para iso dinámicas participativas. Serán 10 as actuacións deste espectáculo.

Así mesmo, incluírase un novo espectáculo a realizar pola Tropa de Trapo, 'Contamos Todas', que é un espectáculo e obradoiro á vez sobre a igualdade de xénero para alumnado de 3º da ESO en diante. A través de dinámicas activas e participativas, traballarán os conceptos que se debuxen nos contos, dando paso ao debate, para afondar nas cuestións de xénero que imos abordar. Pero non será un debate ao uso. Empregando técnicas do Teatro da Oprimida, animarase a todo o alumnado a participar e a opinar, coa voz e co corpo, para finalmente facer unha escena sobre a que reflexionar e que parta das súas opinións.

Orzamento: 8.380€

- Contratación da compañía Tropa de Trapo para 20 actuacións: 7.000€
- Desprazamentos ás entidades acolledoras da actividade: 1.000€
- Deseño de carteis: 80€
- Deseño e elaboración de rollers: 300€

- **ACTIVIDADE 6.4: Viaxe a Mozambique do gañador do concurso fotográfico 'Imaxes con Fondo', para facer unha reportaxe**

A terceira edición do concurso fotográfico 'Imaxes con Fondo', que tivo lugar no 2016, veu incrementada o nivel técnico das persoas participantes. O premio do concurso na categoría de adultos implicaba a viaxe a Mozambique para a realización dunha reportaxe fotográfica da que resultará una exposición. A viaxe, ademais deste obxectivo, ten o de promover a fotografía social e a comunicación con enfoque de dereitos humanos no eido das imaxes. A persoa que viaxe recibirá información e formación previa sobre cooperación ao desenvolvemento e sobre as características do país e da súa realidade. Trátase tamén de conseguir que esta persoa sexa en si mesmo un ente sensibilizador ao contar a súa experiencia en terreo ao seu círculo máis próximo e perante os medios de comunicación.

É de especial interese facer fincapé no tema do xénero en Mozambique, posto que a desigualdade é unha das principais problemáticas do país. Así mesmo, no ano 2016 tivo lugar un seminario de intercambio entre políticas municipais galegas e mozambicanas sobre o xénero e a participación política das mulleres. Por continuar unha mesma liña de traballo, o xénero podería ser un dos temas a traballar por parte do fotógrafo.

Orzamento: 2.100€

- Viaxe, seguro, visado, aloxamento e dietas do fotógrafo: 2.000€
- Desprazamentos para reunións de coordinación coa secretaría técnica: 100€

- **ACTIVIDADE 6.5: Exposición fotográfica sobre Mozambique**

A reportaxe fotográfica en Mozambique da persoa gañadora de 'Imaxes con Fondo III' dará como resultado unha exposición que dea conta das problemáticas que afronta o país. Esta exposición, virá a reforzar o coñecemento da Rede Municipalista Solidaria do traballo e os lugares nos que coopera o Fondo Galego, así como a pertinencia da cooperación municipalista.

A elaboración da da exposición correrá a cargo do Fondo Galego, que, tras recibir o monto das fotografías realizadas, analizará as imaxes e fará unha proposta de exposición, que deberá ser consensuada co fotógrafo.

A exposición estará lista a finais de 2017 e poderá comezarse a mobilizar no 2018.

Orzamento: 2.100€

- Deseño e impresión da exposición: 1.500€
- Deseño e impresión de folletos: 600€

- **ACTIVIDADE 6.6: Espectáculo de *clown* sobre as fronteiras e as refuxiadas**

A actividade responde a unha demanda da base asociativa do Fondo Galego, interesada en afondar máis na temática das persoas migrantes e refuxiadas. O espectáculo será levado a cabo pola ONGD galega Pallasos en Rebeldía, que fai un traballo de terapia en situacións de emerxencia ou conflito, a través do espectáculo de *clown*, á vez que dá a coñecer e sensibiliza sobre estas situacións na nosa sociedade.

O espectáculo, no que participarían dous actores, está baseado na obra 'O valo', de Carlos Labraña, que ven de recibir o IX Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil. Realizaranse un total de 10 actuacións, destinadas a público infantil e/ou familiar, de unha hora de duración.

'O valo' narra o encontro entre unha nena que foxe da guerra, Sahara, e un rapaz soldado, gardián devoto de fronteiras móbiles. A guerra civil en Siria obrigou a máis de cinco millóns de persoas a abandonar o país na procura de refuxio noutros lugares. Entre elas, moitas nenas e nenos. 'O valo' foi escrita en homenaxe a todas elas, para que non permanezan no esquecemento e as súas vidas constitúan o xerme da loita contra todos os valos, aramados, muros e fronteiras que separan os seres humanos. A acción de 'O valo' desenvólvese no deserto. Un soldadiño occidental, garda de fronteira, instala un aramado no medio das dunas. Que inxenuo! Como se lle ocorreu pensar que podería poñer cancelas ao campo? A ese lugar chega Sahara, unha rapaza árabe que leva catro días extraviada, despois de que a caravana onde fuxía coa súa familia, en dirección a un campo de refuxiados, fose atacada por militares. Ela quere seguir o camiño cara a un futuro, aínda incerto, noutro país, pero Soldadiño non lle deixa pasar, xa que non posúe documentación. Nesa noite que van pasar xuntos baixo o ceo do deserto, compartirán historias, temores, anhelos... e coñecerán os costumes do outro, perdendo o medo ao diferente e descubriendo que só na procura dos soños atoparán a liberdade. Cunha harmoniosa mestura de inxenuidade e denuncia, a peza ofrece ao público miúdo a oportunidade de pensar que o mundo pode ser diferente. Un mundo onde non existen persoas ilegais, senón persoas ilegalizadas. 'O valo' representa a esperanza que é precisa para transformar a realidade.

Orzamento: 8.440€

- Dez representacións: 8.250€
- Deseño e impresión de roller: 150€
- Deseño de cartaz: 40€

OBXECTIVO 7: Incrementar o coñecemento e maior implicación dos nosos socios na área de cooperación ao desenvolvemento

- **ACTIVIDADE 7.1: Vacacións con Traballo**

O programa Vacacións con Traballo terá este ano 2 prazas, vinculadas directamente ao noso parceiro local actual en Mozambique, a Fundação Encontro (1 persoa), e unha Cámara municipal mozambicana (1 persoa). Así mesmo, editarase o Caderno de experiencias de 2016 en formato dixital.

A convocatoria comezase a traballar desde principios de ano para que estea lista para facela pública no mes de marzo. As viaxes e as estancias de cada voluntaria/o planifícanse trala resolución da convocatoria, mais as condicións das mesmas quedarán esclarecidas nun documento que se asinará co parceiro local, para garantir a seguridade e comodidade das persoas voluntarias. O plan de traballo quedará definido antes da convocatoria do programa, para que as persoas que potencialmente queiran viaxar teñan claro desde o primeiro momento que é o que se agarda delas. O programa cubrirá os gastos da viaxe, aloxamento e manutención das persoas voluntarias. Todos os pormenores vinculados a estas asistencia técnicas ou traballos voluntarios serán indicados nun convenio de colaboración entre o Fondo Galego e os parceiros locais e a través dun contrato de voluntariado entre o Fondo Galego e as persoas voluntarias. Así mesmo, as persoas voluntarias recibirán formación básica sobre cooperación ao desenvolvemento antes da súa estadía en terreo e terán a obriga de realizar unha actividade de difusión da súa experiencia á súa volta. Esta formación poderá ser impartida por algunha ONGD galega que tamén realice programas de voluntariado similares.

Orzamento: 3.090€

- Viaxe de 2 persoas a Mozambique: 1.500€
- Manutención das 2 persoas que participen en Vacacións con Traballo: 1.200€
- Deseño e publicación dixital do caderno de Vacacións con Traballo 2016: 100€
- Deseño do folleto e bñaneres promocionais: 150€
- Formación sobre cooperación ao desenvolvemento para as 2 persoas que participen en Vacacións con Traballo: 70€
- Xornada de avaliación do programa (desprazamentos e manutención): 70€

- **ACTIVIDADE 7.2: Vacacións con Traballo en Galicia**

Como novidade para este 2017, propónse esta actividade, co obxectivo de reforzar as capacidades dos municipios mozambicanos. Dúas persoas de perfil técnico ou político da administración local mozambicana viaxarán a Galicia para formarse en un ou varios concellos/deputacións, sobre unha área que detecten como prioritaria.

Os concellos e deputacións que se amosen voluntarias a acoller ás/aos nosas/os convidadas/os deberán nomear a unha persoa responsable do seu acompañamento na súa administración

local. A secretaría técnica fará labores de acompañamento da actividade e selección das persoas que viaxarán desde Mozambique, xunto coa Comisión Executiva e a Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos.

Orzamento: 4.350€

- Viaxe de dúas persoas de Mozambique: 1.200€
- Aloxamento e manutención de dúas persoas de Mozambique: 3.000€
- Deseño do cartel/folleto e bñaneres promocionais: 150€

4. PLAN ÁREA DE PROXECTOS 2017

1. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

Obxectivo 8: Mellorar na calidade e impacto das accións de cooperación ao desenvolvemento

Actividade 8.1: Convocatoria de programas de cooperación ao desenvolvemento para ONGD galegas ou con sede en Galicia

Actividade 8.2: Programa coa Fundación Encontro

Actividade 8.3: Axudas de emerxencia ou post emerxencia

Actividade 8.4: Proxecto de cooperación con cámara municipal mozambicana

Obxectivo 9: Incrementar o coñecemento e maior implicación dos nosos socios na área de cooperación ao desenvolvemento

Actividade 9.1: Relanzamento do COCIDE

2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

OBXECTIVO 8: Mellorar na calidade e impacto das accións de cooperación ao desenvolvemento

- **ACTIVIDADE 8.1: Convocatoria de programas de cooperación ao desenvolvemento para ONGD galegas ou con sede en Galicia**

Neste ano abrírase a convocatoria aberta para ONGD galegas ou con sede en Galicia, coa novidade de que se tratará de programas a varios anos e non de proxectos anuais, como viña sendo costume. O cambio influirá na consecución de maiores impactos e máis duradeiros, mellorando a calidade da nosa cooperación.

Ao tratarse de programas, estes discorrerían principalmente entre os anos 2018 e 2019, cun máximo de 24 meses de execución. O orzamento comprometido anualmente para estes proxectos sería de 45.670,67€.

Orzamento: 45.670,67€¹

- **ACTIVIDADE 8.2: Programa coa Fundación Encontro**

Tras a boa experiencia do primeiro proxecto apoiado xunto con esta ONG mozambicana, e tras a visita de políticas galegas ao proxecto apoiado polo Fondo Galego, pénsase necesario continuar con esta colaboración. Neste caso, consistirá nun programa a dous anos nos eidos da saúde ou da educación. No 2018, porén, tamén habería comprometidos outros 20.000€ para a continuación do programa.

¹ A convocatoria de programas para ONGD contará con máis recursos provintes do superávit dos últimos anos. A convocatoria estará nutrida cun mínimo de 100.000€.

Orzamento: 20.000€.

- **ACTIVIDADE 8.3: Axudas de emerxencia ou post emerxencia.**

Resérvanse 20.000€ para axudas de emerxencia ou post emerxencia que se poidan aprobar durante o ano.

Orzamento: 20.000€

- **ACTIVIDADE 8.4: Proxecto de cooperación con cámara municipal mozambicana**

Seguindo a metodoloxía empregada cos municipios caboverdianos para a posta en marcha de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, este ano abriremos a convocatoria para os municipios mozambicanos. A convocatoria será comunicada á Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos para garantir que todos os municipios son coñecedores da proposta do Fondo Galego. Nas bases aparecerán especificadas ás áreas de intervención, o fortalecemento das administracións públicas locais e o impulso de servizos básicos para a comunidade, así coma outras cuestións coma o orzamento dispoñible, as condicións de financiamento e o período de execución.

Orzamento: 25.000€

OBXECTIVO 9: Incrementar o coñecemento e maior implicación dos nosos socios na área de cooperación ao desenvolvemento

- **ACTIVIDADE 9.1: Relanzamento da Comisión de Cidades e Deputacións (COCIDE)**

O relanzamento do COCIDE é unha forte aposta para este período. Ao longo do 2017, non só debemos procurar a inserción dentro da nosa rede municipalista daqueles grandes socios, en termos cuantitativos, senón tamén que debemos procurar a súa participación e implicación máis activa e visible dentro do Fondo Galego. O COCIDE concíbese como unha ferramenta que permite que estes socios con maiores posibilidades económicas participen de xeito máis activo na área de cooperación ao desenvolvemento, financiando algún dos programas que se formulen ao longo deste ano.

Así, neste 2017, o principal cometido será o de reafirmar compromisos polas entidades que conforman o COCIDE e procurar a introdución daquelas que quedaron fóra no período anterior. Deste xeito sentamos as bases para o financiamento dun programa de cooperación en Mozambique. A súa participación non só será económica, senón que no 2018, representantes do COCIDE poderán participar nunha misión técnica-política a terreo para comprobar a execución do mesmo e coñecer de primeira man as dificultades no contexto.

Orzamento: 100€

- Desprazamento para reunións coas cidades galegas: 100€

5. PLAN COMUNICACIÓN 2017

1. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

Obxectivo 10: Continuar promovendo a visibilización do traballo do Fondo Galego e as cuestións relativas ás desigualdades nos pobos do Sur.

Actividade 10.1: Elaboración do II Plan de Comunicación

Actividade 10.2: Elaboración de 1 pressbooks que dan conta da cobertura mediática rexistrada ao longo do ano.

Actividade 10.3: Mantemento da páxina web

Actividade 10.4: Memoria 2016

Actividade 10.5: IAF's dixitais

Actividade 10.6: Publicación de 10 artigos de opinión sobre cooperación ao desenvolvemento ou dereitos humanos por parte de representantes políticas/os do Fondo Galego.

Actividade 10.7: Organización do arquivo fotográfico e documental

2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

OBXECTIVO 10: Continuar promovendo a visibilización do traballo do Fondo Galego e as cuestións relativas ás desigualdades nos pobos do Sur.

- **ACTIVIDADE 10.1: Elaboración do II Plan de Comunicación**

As reflexións sobre a comunicación, interna e externa do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade tiveron unha relevancia central na pasada lexislatura. Como resultado deste proceso, a finais de ano 2013 presentouse ante a Asemblea de socios o I **Plan de Comunicación** elaborado pola Secretaría.

Neste 2017, e dada a necesidade de achegarse máis e mellor á cidadanía e ao propio mundo municipal, reforzando a transparencia e multiplicando as accións informativas, cómpre deseñar un novo plan de comunicación para o presente período, que poida dar conta dos obxectivos marcados neste eido. O Plan de Comunicación será elaborado para o completo da lexislatura e poderá ser presentado aos socios no último trimestre do ano.

Orzamento: 0€

- **ACTIVIDADE 10.2: Elaboración de 1 pressbook que dea conta da cobertura mediática rexistrada ao longo do ano.**

Orzamento: 20€

- Impresión e encadernación: 20€

- **ACTIVIDADE 10.3: Mantemento da páxina web**

Orzamento: 100€

- **ACTIVIDADE 10.4: Memoria 2016**

Edición impresa e dixital dun completo documento que recolle a vida do Fondo Galego durante o ano de referencia: evolución orgánica da entidade, actividades realizadas, datos contables, etc. A Memoria será distribuída entre todas as entidades socias do Fondo Galego e demais organismos do sector da cooperación galega.

Orzamento: 2.000€

- Deseño e impresión de memorias do Fondo Galego: 2.000€

- **ACTIVIDADE 10.5: IAF's dixitais**

Edición e distribución dun boletín cuatrimestral *online* dispoñible na web, redes sociais e demais plataformas comunicativas do Fondo, que dá conta das actividades da asociación. (<http://www.fondogalego.org/web/iaf>)

Orzamento: 194€

- Deseño e distribución online de 4 números do IAF: 194€

- **ACTIVIDADE 10.6: Publicación de 5 artigos de opinión sobre cooperación ao desenvolvemento ou dereitos humanos por parte de representantes políticas/os do Fondo Galego.**

Orzamento: 0€

- **ACTIVIDADE 10.7: Organización do arquivo fotográfico e documental.**

Para a realización desta actividade contaremos con alumnado en prácticas da Universidade de Vigo. Serán comprados programas informáticos específicos para facilitar a xestión dos materiais.

Orzamento: 100€

- Programa informático de xestión de fotografías: 50€

- Programa informático de xestión documental: 50€

6. ORZAMENTO 2017

GASTOS	IMPORTE
Secretaría técnica	63.300,00€
Secretaría técnica do Fondo Galego	60.000,00 €
Asesoría	1.300,00€
Outros gastos	2.000,00€
Fortalecemento	18.250,00 €
Campaña de captación de socios '20 anos+20'	1.200,00 €
Contos solidarios para novos socios	4.300,00 €
Xuntanzas da Rede municipalista solidaria	750,00 €
Estimular a asistencia na Asemblea Xeral de Socios	500,00 €
Formación en cooperación e políticas públicas locais	4.750,00 €
Comemoración do 20 aniversario do Fondo Galego	2.450,00 €
Cota e participación na Confederación de Fondos	2.000,00 €
Participación na Alianza europea de redes locais para a cooperación internacional	500,00 €
Visibilización na páxina web das contas do Fondo Galego	0,00 €
Auditoría contable	1.800,00 €
Sensibilización	43.820,90€
Exposicións con actividades que faciliten a súa comprensión	12.820,90€
Elaboración dunha exposición sobre os Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable (ODS)	2.540,00 €
Contacontos	8.380,00 €
Viaxe a Mozambique do gañador do concurso fotográfico 'Imaxes con Fondo', para facer unha reportaxe	2.100,00 €
Exposición fotográfica sobre Mozambique	2.100,00 €
Espectáculo de clown sobre as fronteiras e as refuxiadas	8.440,00 €
Vacacións con Traballo	3.090,00 €
Vacacións con Traballo en Galicia	4.350,00 €
Proxectos	110.770,67€
Convocatoria de programas de cooperación ao desenvolvemento para ONGD galegas ou con sede en Galicia	45.670,67 €
Programa coa Fundaçao Encontro	20.000,00 €
Axudas de emerxencia ou post emerxencia	20.000,00 €
Proxecto de cooperación con cámara municipal mozambicana	25.000,00 €
Relanzamento do COCIDE	100,00 €

Comunicación		2.414,00 €
Elaboración do II Plan de Comunicación	0,00 €	
Elaboración de 1 pressbook	20,00 €	
Mantemento da páxina web	100,00 €	
Deseño e impresión de memorias 2016 do Fondo Galego	2.000,00 €	
Deseño e distribución online de 4 números do IAF	194,00 €	
Publicación de 5 artigos de opinión sobre cooperación ao desenvolvemento ou dereitos humanos	0,00 €	
Organización do arquivo fotográfico e documental		100,00 €
Imprevistos		2.500,00 €
TOTAL GASTOS		241.055,57 €

INGRESOS	IMPORTE	
Cotas socios 2017	191.055,57 €	
Cotas adebedadas	7.000,00 €	
Convenio Xunta de Galicia	40.000,00 €	
Doazóns conta de emerxencia	3.000€	
TOTAL INGRESOS		241.055,57 €